

## XXII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de BEGONTE –entidade promotora do Belén Electrónico– co patrocinio da CAIXA RURAL DE LUGO, co fin de potencia-lo espírito do Nadal nos nenos, convoca o

### XXII CERTAME DE DEBUXO INFANTIL SOBRE "O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

1. Poden concurrir tódolos nenos, a través dos seus colexios.
2. Establécense dúas categorías:  
A.– Ata os 10 anos.  
B.– De 11 a 15 anos.
3. Concederanse os seguintes premios:  
A.– 3 primeiros premios, dotados con 5.000 ptas. e trofeo.  
5 segundos premios, dotados con 3.000 ptas. e trofeo.  
B.– 3 primeiros premios, dotados con 5.000 ptas. e trofeo.  
5 segundos premios, dotados con 3.000 ptas. e trofeo.
4. Os temas serán libres dentro do tema xenérico "O NADAL". O tamaño dos orixinais será como mínimo de 1/2 folio e máximo de 1 folio. Deberán ser presentados en cartulina.
5. Cada colexio non poderá remitir máis de 25 traballos para cada categoría.
6. A admisión de orixinais rematará o día 24 de decembro do presente ano, debendo ser entregados ou remitidos ó CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN" de BEGONTE (Lugo).

### Entidades colaboradoras:

- **CONSELLERÍA DE CULTURA  
E COMUNICACIÓN SOCIAL**  
Dirección Xeral de Promoción Cultural
- **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**  
Dirección Xeral de Política Lingüística
- **EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**
- **FUNDACIÓN CAIXA GALICIA**
- **CAIXA RURAL DE LUGO**
- **CONCELLO DE BEGONTE**

#### 13-12-97

18,00 Igrexa parroquial de Begonte:

PREGÓN DO NADAL, a cargo de ENRIQUE FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Vicepresidente 1º da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Recital de cantos do Nadal pola POLIFÓNICA VILLALBESA, dirixida por JESÚS GÓMEZ GARCÍA.

19,00 Inauguración do Belén Electrónico.

#### 31-1-98

18,00 Salón de Actos do Centro Cultural:

Entrega de premios dos Certames Culturais.

Clausura de actividades

Actuación da CORAL POLIFÓNICA DE VIVEIRO, dirixida por ANTONIO XOSÉ ÁLVAREZ NEIRA.

### HORARIO DE VISITAS Ó BELÉN ELECTRÓNICO:

Laborables: 15,00 a 19,30

Festivos: 11,00 a 14,00 e 15,00 a 20,00

Grupos: avisar previamente ó teléf. 39 61 21

# O Nadal en Begonte

XXVI EDICIÓN

13-12-97 / 30-1-98



CENTRO CULTURAL  
JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN

Belén Electrónico



## VIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

O Centro Cultural de Begonte, co patrocinio da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, convoca o

### VIII CERTAME GALEGO DE ARTE "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"

de acordo coas seguintes BASES:

1. O premio JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de arte está dotado con 250.000 pesetas e estatuíña de Sargadelos.
2. Adxudicarase á obra pictórica (considerada no senso máis amplo) que resulte seleccionada polo Xurado calificador, que estará formado por especialistas na materia xunto con representantes do centro convocante e da entidade patrocinadora.
3. Poderán optar a este premio obras de pintores galegos, de tema libre, e con tamaño máximo de 1,5 m. por 1 m., con ou sen marco.
4. Cada autor poderá presentar un máximo de dúas obras, acompañadas dos datos identificativos de obra e autor.
5. As obras, debidamente protexidas para evitar calquera deterioro, serán remitidas –libres de gastos– ó Centro Cultural de Begonte. Seranlles devoltas libres de gastos ó enderezo que indiquen.
6. O prazo de presentación remata ás 12 horas do día 25 de decembro de 1997. O Xurado seleccionará de entre as obras presentadas aquelas que deban ser expostas e –entrelas– a gañadora do Certame.
7. A obra premiada quedará en propiedade da entidade convocante. As non seleccionadas serán devoltas ós concursantes de inmediato. As seleccionadas non premiadas serán devoltas ó remate do Certame.

#### NOTAS:

- A organización establecerá un seguro con SEGUROS AEGON para as obras que se presenten ó Certame por un importe de 50.000 pesetas cada unha.
- Enténdese por autores galegos os nados en Galicia ou residentes habituais.
- Poderase organizar unha exposición na capital lucense coas obras seleccionadas, co fin de apoia-la difusión deste Certame.

## XXII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte –entidade que promove o Belén electrónico– co patrocinio da FUNDACIÓN CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1997, ven de convoca-lo

### XXII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

que se vai rexir polas seguintes BASES:

1. Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Hanse valorar os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Hanse concede-los seguintes premios:
  - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 pesetas e estatuíña de Sargadelos.
  - SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecentos noventa e oito.
7. Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais do autor.

## XXII CERTAME DE XORNALISMO "BEGONTE E O NADAL"

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO, co patrocinio da CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA, e co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o

### XXII CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"

de acordo coas seguintes BASES:

- A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.
- B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:
  - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 75.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
  - SEGUNDO PREMIO.– 25.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
- C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de mil novecentos noventa e oito, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.
- D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor.